



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRECE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

**Expte: 2023/G007/000024**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día trece de xullo de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 364 de data 12 de xullo/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, asistindo ademais a interventora municipal, dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 29.06.23 (ORDINARIA).-**

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 29.06.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/20.-**

Informase á Xunta de Goberno Local, das facturas da relación 20 de 2023, do informe de intervención nº EMP 74/2023 e da posterior proposta de Alcaldía que se reproduce:

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

Conforme relación de facturas confeccionada polos Servizos Económicos do Concello de Valdoviño baixo o número F/2023/20 e remitida a Intervención municipal, a contía total da mesma ascende a SETENTA E TRES SEIS CENTOS OITENTA E OITO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (73.688,73 €).

Neste senso, as 2 facturas que integran a relación de facturas núm. F/2023/20 figuran como anexo á proposta efectuada.

Visto o Informe de Intervención n.º EMP 74/2023 con resultado de fiscalización favorable con observacións emitido en data 3 de xullo do 2023.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

### PROPOÑO

**Primeiro.-** Aprobar a relación de facturas F/2023/20 segundo a relación confeccionada polos servizos económicos do Concello de Valdoviño.

**Segundo.-** Autorizar o correspondente pagamento da devandita relación de facturas por importe de SETENTA E TRES SEIS CENTOS OITENTA E OITO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (73.688,73 €).

Mándao e asínoa dixitalmente o Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada a marxe”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X999/000093).**

### 3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR:

**Expte: 250/2022. Tedec: 2023/U022/000001**

**.- Expte. de obras 250/2022.-** [REDACTED] Para as obras de **construción de vivanda unifamiliar aillada (inclúe peches de parcela)** situada no **Lugar de de Broño, 35. Parroquia de Lago (referencia catastral nº. 15088A501018790000GX).**

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto Básico de vivanda unifamiliar aillada achegado o 31/12/2022 e redactado polo arquitecto Ignacio José Pita Graña.
- Proxecto Básico modificado e proxecto de execución de vivanda unifamiliar aillada achegado o 21/04/2023 e redactado polo mesmo arquitecto.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Ignacio José Pita Graña achegado o 21/04/2023 e visado polo correspondente colexio o 20/04/2023 e Oficio de Dirección de execución da obra de arquitecto técnico e Coordinador de seguridade e saúde a nome de Juan Filgueiras Pena, achegado o 18/05/2023 e visado polo correspondente colexio o 04/05/2023.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como S.N.U. DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 07/07/2023 que se emite en sentido FAVORABLE

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 10/07/2023 en sentido FAVORABLE.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras para a construción de vivenda unifamiliar aillada (inclue peches de parcela)** situada no **Lugar de de Broño, 35. Parroquia de Lago (referencia catastral nº. 15088A50101879000GX)**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ignacio José Pita Graña e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 7 de xullo de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: Taxa 892,95 €. ICIO.- 4.107,55 €.

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.**

#### **4º.-SOLICITUDES DE PASO PERMANENTE DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS. ACCESO A FINCAS E GARAXES PRIVADOS DE:**

A.- [REDACTED] -  
Proposta de Alcaldía:

**”RESERVA DE VÍA PÚBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR [REDACTED]  
[REDACTED] AUTORIZACIÓN Nº 46:**

En data 29/05/2023, rexistrase co número 20230000001452, escrito presentado por [REDACTED] [REDACTED] co DNI [REDACTED] solicitando vado para a finca da súa propiedade ubicada en Lugar de Taraza, 74 – Meirás (Valdoviño).

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local data do 28 de xuño 2023, no que relata:

*“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que el inmueble que se localiza en Lg. Taraza, 74 – Meirás (Valdoviño), y que se identifica con el número de referencia catastral 5875120NJ6257S0001AZ, tiene acceso rodado hacia el interior del mismo, desde el vial de titularidad municipal que se denomina Travesía de Taraza y que se identifica en el inventario de viales con el número de activo 1C.3.0179.*

*El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso a la finca que se identifica con el número 74 del lugar de Taraza – Meirás (Valdoviño), será de cuatro metros.*

*Por parte del Oficial de la Policía Local que suscribe, referente a normas de tráfico, no se aprecia impedimento a la concesión de la autorización solicitada.*

*Se adjunta una fotografía y plano de situación.”*

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

“- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivienda unifamiliar.-

.- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalizarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización”.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar a petición do solicitante [REDACTED] co DNI [REDACTED] outorgando autorización de paso permanente de acceso á finca ubicada en Lugar de Taraza, 74 – Meirás, termo municipal de Valdoviño; **-AUTORIZACIÓN NÚM. 46 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

**Segundo.-** Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de catorce euros con setenta e seis céntimos (**14,76 €**); cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

**Terceiro.-** Expedir o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como ao interesado.

*/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC 2023/V008/000004).**

**B.-** [REDACTED] -

Proposta de Alcaldía:

**.- RESERVA DE VÍA PÚBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR [REDACTED] AUTORIZACIÓN N° 47.-**

En data 22/06/2023, rexístrase co número 20230000001926, escrito presentado por [REDACTED] co DNI [REDACTED] solicitando vado para a finca/inmóble da súa propiedade ubicada na Calle Atios, 4, Valdoviño.

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local data do 28 de xuño 2023, no que relata:

*“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que el inmueble que se localiza en C/ Atios, 4, Valdoviño, y que se identifica con el número de referencia catastral 8890703NJ6289S0001BZ, tiene acceso rodado hacia el interior del mismo, desde el vial de titularidad municipal que se denomina C/ Atios y que se identifica en el inventario de viales con el número de activo 1C.6.0130.*

*El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso a la finca que se identifica con el número 4 de la C/ Atios, será de cuatro metros, (frente al vial de titularidad municipal que se identifica con el número de activo 1C.6.0130).*

*Por parte del Oficial de la Policía Local que suscribe, referente a normas de tráfico, no se aprecia impedimento a la concesión de la autorización solicitada.*

*Se adjunta una fotografía y plano de situación.”*

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivienda unifamiliar.-

- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalizarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobara petición do solicitante [REDACTED] co DNI [REDACTED] outorgando autorización de paso permanente de acceso á finca ubicada en C/ Atios, 4, termo municipal de Valdoviño; **-AUTORIZACIÓN NÚM. 47 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

**Segundo.-** Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de catorce euros con setenta e seis céntimos (14,76 €); cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

**Terceiro.-** Expedir o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como ao interesado.

*/ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC 2023/V008/000005).**

C.- [REDACTED] -

Proposta de Alcaldía:

**“RESERVA DE VÍA PÚBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR [REDACTED]  
[REDACTED] AUTORIZACIÓN N° 48.-**

En data 26/06/2023, rexístrase co número 20230000002050, escrito presentado por [REDACTED] co DNI [REDACTED] solicitando vado para a finca/inmóble da súa propiedade ubicada na Avd. de Ferrol, 5, Valdoviño.

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local data do 28 de xuño 2023, no que relata:

*“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que el inmueble que se localiza en Avda de Ferrol, 5, Valdoviño, y que se identifica con el número de referencia catastral 8994905NJ6289S0001SZ, tiene acceso rodado hacia el interior del mismo, desde el vial de titularidad municipal que se denomina Avd. de Ferrol y que se identifica en el inventario de viales con el número de activo 1C.6.0087.*

*El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso a la finca que se identifica con el número 5 de la Avd. de Ferrol, será de cuatro metros, (frente al vial de titularidad municipal que se identifica con el número de activo 1C.6.0087).*

*Por parte del Oficial de la Policía Local que suscribe, referente a normas de tráfico, no se aprecia impedimento a la concesión de la autorización solicitada.*

*Se adjunta una fotografía y plano de situación.”*

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivenda unifamiliar.-

- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se sinalizarán y delimitarán simultaneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar a petición do solicitante [REDACTED] co DNI [REDACTED] outorgando autorización de paso permanente de acceso á finca ubicada en Avd. de Ferrol, 5, termo municipal de Valdoviño; **-AUTORIZACIÓN NÚM. 48 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

**Segundo.-** Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de catorce euros con setenta e seis céntimos (**14,76 €**); cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

**Terceiro.- Expedir** o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como ao interesado.

*/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC 2023/V008/000006).**

**5º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E O TRANSPORTE DO ANO 2023.-**



## **PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E AO TRANSPORTE DO ANO 2023**

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, visto o informe de Intervención e visto o informe técnico do departamento de Servizos Sociais que se transcribe a continuación:

### **“INFORME SOBRE BASES REGULADORAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E AO TRANSPORTE DO ANO 2023.**

*Iria García Martínez, Educadora Familiar do departamento de Servizos Sociais do Concello de Valdoviño en relación á convocatoria anual de subvencións municipais de apoio ao estudo e ao transporte*

INFORMO:

- 1. Que se mantén a liña de axudas do ano anterior, en relación ao crédito, aos conceptos e ao procedemento de solicitude e xustificación.*
- 2. Que unicamente se prescinde da axuda para a matrícula dos recursos de atención preescolar (Punto de Atención á Infancia) ao ser na actualidade un recurso gratuito para as familias.*
- 3. Que tamén se mantén o procedemento para a compra e pagamento da axuda, a través de transferencia bancaria ás familias unha vez xustificada a axuda. Ademais, as familias que non poidan anticipar os cartos da compra poderán asinar unha cesión para que o Concello pague directamente ao establecemento.*
- 4. Que se destina un crédito de 10000 euros para cubrir a previsión do gasto das solicitudes.*
- 5. Que se inclúen nestas axudas os seguintes gastos subvencionables co obxectivo de cubrir a necesidade máis básica de cada nivel educativo:*

#### **1) Material para o estudo**

*Gastos de material para o estudo e complementario que sexa necesario por consecuencia da escolaridade nos niveis de infantil, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e universidade. Os conceptos específicos que se subvencionan son:*

- Material escolar funxible (cores, libretas, folios, específico profesional, tinta de impresora, etc)*
- Material complementario: compás, regras, estoxo, mochila, libros de lectura, rato de ordenador, pendrive etc.*
- Material deportivo: roupa e calzado deportivo, camisetas e calcetíns.*

#### **2) Transporte**

*Gastos de transporte derivados do desprazamento aos centros de estudo (para alumnado de Bacharelato , Formación Profesional e Universidade).*

- 6. Que se inclúen as seguintes contías:*

	CONTÍA DO 100 %	CONTÍA DO 50%	CONTÍA ÚNICA
Material funxible, complementario e deportivo	90,00 €	45,00 €	
Transporte			100€ 101

7. Que as bases foron revisadas polo departamento de Servizos Económicos

En Valdoviño, a 10 de xullo de 2023

Iria García Martínez  
Educadora familiar”

### PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases reguladoras das medidas de apoio ás familias destinadas á adquisición de material para o estudo e ao transporte do ano 2023.

En Valdoviño, a 12 de xullo de 2023

Alberto González Fernández  
O Alcalde”.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC 2023/A002/000003).**

### **6º.- EXPEDIENTE RESOLUCIÓN CONTRATO: SANEAMIENTO E BOMBEO EN MONTEFARO. EXPTE. Nº 2023/C008/000005.-**

Expte. 2021/C003/000003 (expte contratación obra)

**Expte. Resolución contrato: 2023/C008/000005**

No expediente tramitado para resolución do contrato da obra sinalada no encabezamento, no que figura que tralo último acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 27.04.23, se lle deu audiencia ao contratista.

Visto que en dito prazo (18.05.23, rexistro 202399900000819), o contratista formulou escrito de alegación que consta no expediente no que solicita deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de abril de 2023 e archivar o expediente incoado.

Visto que consta informe do Director de obra de 31.05.2023 no que consta literalmente:

**“ Conclusión:**

*Es exclusivamente por no cumprir la empresa contratista SYR AMG S.L., con los deberes especificados el Pliego, y dentro de los 15 días naturales siguientes a la firma del contrato, a pesar de las reiteradas solicitudes, tanto de la Dirección de las obras como por el Concello de Valdoviño, es el motivo de no podido iniciar las obras, y que por tanto el Concello de Valdoviño ha procedido al inicio de la tramitación de la resolución del contrato.”*

Visto informe de secretaría municipal de 05.06.23 coas seguintes conclusións:

**“Conclusiones:**

*-En atención ao informe da dirección da obra e de secretaría, conforme ao disposto no presente informe cumpre desestimar as alegacións formuladas pola empresa contratista.*

*-Procede realizar proposta de resolución por incumplimento culpable do contratista por afectar a obrigas de carácter esencial que afectaron á adjudicación do contrato, execución e programación das obras, provocando impactos negativos na atención das necesidades que motivaron o inicio do expediente de licitación.*

*-A resolución do contrato por incumplimento culpable do contratista que se así se acorde dará lugar en peza separada contradictoria na que se calculen os posibles danos e prexuízos que excedan do importe da garantía definitiva á súa incautación.*

*-O órgano de contratación en tanto se resolve o procedemento principal por incumplimento poda dar inicio as actuacións de nova licitación suxeita na súa adjudicación á resolución do contrato.*

*En función do contido da proposta e o ditame do Consello Consultivo ratificando no seu caso a concorrencia de incumplimento culpable imputable ao contratista, conforme ao establecido no artigo 71 e seguintes tramitarse en peza contradictoria a incursión en prohibición para contratar pola empresa adjudicataria, extensión no tempo e alcance.”*

Visto o informe de intervención que do 06.07.2023 no que di:

**“Conclusión:** *entendese que non procede estimar a alegación feita pola contratista dado que non se deu cumprimento ao trámite do art. 18.2 PCAP polos cauces ordinarios no procedemento administrativo. Ponse de manifesto a necesidade de que, con carácter xeral, toda a documentación que deba obrar nun expediente admnisitrativo sexa trasladada ao Concello dacordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.”*

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros,  
**ACORDA:**

**Primeiro.-** De conformidade ao informe de dirección de obra de 31 de maio de 2023, informe da secretaría municipal de data 05 de xuño de 2023 e informe de intervención de data 06 de xullo de 2023, reiterar o pronunciamento desestimatorio ás alegacións

formuladas pola empresa contratista con data con data 18 de maio de 2023 co número de rexistro 202399900000819, SYR AMG S.L.

**Segundo.-** Realizar proposta de resolución por incumprimento culpable do contratista por afectar a obrigas de carácter esencial que afectaron a execución do contrato, e solicitar para tal efecto ditame do Consello Consultivo de Galicia ao abeiro do establecido no artigo 191.3º a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e do artigo 12 da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, dando traslado das actuacións practicadas para tal efecto.

**Terceiro.-** Suspender o prazo ao que se refire o artigo 212.8º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público en atento se procede á emisión do perceptivo ditame do Consello Consultivo de Galicia conforme ao artigo 22.1º.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Cuarto.-** Recibido o ditame do Consello Consultivo de Galicia, e con ocasión do acordo adoptar poñendo fin ao expediente de resolución contractual, dar inicio a peza separada contradictoria na que se calculen os posibles danos e prexuízos que excedan do importe da garantía definitiva, á súa incautación, así como en función do establecido no artigo 71 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como segunda peza separada sobre a incursión en prohibición para contratar pola empresa adjudicataria, extensión no tempo e alcance.

Tolo elo sen prexuízo de que o órgano de contratación en tanto se resolve o procedemento principal por incumprimento poda dar inicio as actuacións de nova licitación suxeita na súa adjudicación á resolución do contrato para o que en primeiro lugar dirimirase as partidas que serán executadas en tanto se tramita a resolución do contrato e a nova licitación (por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído) ao abeiro do establecido no artigo 213.6º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**Quinto.-** Dar traslado da presente Resolución á empresa contratista, entidades avalistas e dirección de obra

#### FÓRA DA ORDE DO DIA

Pola Presidencia presentase por vía de urxenza, os dous seguintes asuntos: A participación do Concello no POSAD2/2023, 1ª fase, a requerimento da Deputación para poder presentar en prazo a solicitude e a proposta de pagamentos relativos ao XXIII Festival do Entroido aos efecots de rematar o expediente.

Ratificada a urxenza por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, inclúese este punto Fóra da Orde do Día.

#### **- PROPOSTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA MAIOR ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA PARA O POS+ADICIONAL 2/2023.-**

En data dous de marzo de 2023, aprobouse polo Pleno da Corporación de Concello de Valdoviño a participación no Plan provincial de obras e servizos de competencia

municipal POS+2023; recíbese circular de aprobación en data 26 de maio 2023

Visto que en 25 de xuño de 2023 recíbese a circular sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 2/2023 para gasto corrente e investimentos financeiramente sostibles por maior achega desta Deputación na que nos asignan ao POS+AD 2/2023 un total de 418.501,14 €.

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas por Lei PROPÓN a Xunta de Goberno Local:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles <b>incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023</b>	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		
Reparación puntual nos viais municipais en Taraza e Boeiro	89.673,64				89.673,64
TOTAL	89.673,64				<b>89.673,64 €</b>

Mayor achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 2/2023	418.501,14 €
Mayor achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023	89.673,64 €
Mayor achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2023	328.827,5 €

2.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2023, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento”.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, prestou aprobación a anterior proposta de Alcaldía referenciada en expte. TEDEC 2023/X999/000012.**

**- PROPOSTA DE PAGAMENTOS RELATIVOS AO DESENVOLVEMENTO DO XXIII FESTIVAL DE ENTROIDO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, DO ANO 2023.-**

## INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“Rita Díaz González, Técnica de Xestión Cultural do Concello de Valdoviño, dacordo á información publicada no BOP do martes 14 de febreiro de 2023 | BOP NÚMERO 31, en relación ao XXIII FESTIVAL DE ENTROIDO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO DO ANO 2023.

### INFORMO

Do desenvolvemento da actividade e da relación de pagamentos a realizar aos grupos e/ou entidades participantes

#### **1.-Introdución: data, lugar e presentación**

A a XXIII edición do Festival do Entroido do Concello de Valdoviño. Realizouse o sábado 25 de febreiro. O festival comezou saíndo os participantes en pasarrúas desde a Casa Consistorial ás 17:30 horas até a carpa instalada na Casa da Cultura onde se procedeu á realización do concurso de Disfraces e Comparsas.

O evento foi presentado polos componentes do grupo de teatro Ghazafellos de Ferrolterra.

#### **2.-Participantes no Pasarrúas e nos concursos**

O pasarrúas foi encabezado pola sección de **Batukada da Asociación “Cultura Extrema”** con sede no municipio de Valdoviño. Igualmente fixeron unha actuación previa a fase de concurso na Carpa instalada.

**Categoría de “Outros”:** nesta categoría podían participar disfraces individuais, parellas e grupos de até 5 persoas. Non houbo límite nas inscricións. Solicitaron a súa inscrición por orde de presentación os seguintes:

1. “Valdoviño Sessions, volumen 53” do concello de Valdoviño, grupo de 3 persoas.
2. “Galería de Arte” do concello de Valdoviño, grupo de 3 persoas.
3. “Viquingos” do concello das Somozas, grupo de 5 persoas.

Esta orde aplicouse tamén no pasarrúas e no desfile do concurso, sendo os primeiros en saíren por diante das Comparsas.

Finalmente malia estar inscritos estes tres grupos o segundo grupo “Galería de Arte” non se presentou.

**Categoría de “Comparsas”:** podendo participar un máximo de 10 comparsas (grupos organizados de 10 ou máis persoas cunha temática conxunta de disfrace), este ano presentáronse en total 7 comparsas que foron admitidas por cumpriren os requisitos requeridos nas Bases. Presentaron a súa solicitude por orde de inscrición as seguintes comparsas:

1. Os Colludos do concello de Ferrol, sendo o seu disfrace de “Turistas”.
2. Os Argalleiros do concello de Narón, sendo o seu disfrace de “Toy Story”.
3. A Canteira do concello de Neda, sendo o seu disfrace de “O Barco-Vacacións”.
4. Tróupele, Tróupele do concello de Narón, sendo o seu disfrace de “Feiticeiros da Fraga”.
5. As Xoaniñas de Chao dos concellos de Ferrol e Narón, sendo o seu disfrace de “Xoaniñas galácticas”.
6. Semente de Trasancos do concello de Narón, sendo o seu disfrace de “Deusas do Olimpus”.

7. O Faranduleiros do concello de Valdoviño, sendo o seu disfrace de “Castellers”.

Esta orde de inscrición aplícase á hora da colocación para realizaren o pasarrúas e para saíren ao escenario na actuación no concurso.

### **3.-Realización dos Concursos e votacións**

**3.1 Categoría de “Outros”:** segundo as Bases , axudas no concurso de 50 euros para os tres mellores disfraces que determine o xurado formado por representantes das comparsas. O importe deberá ser gastado das empresas con sede no municipio de Valdoviño,

#### **Votacións**

Realizaron as votacións votando de 1 a 5 puntos, valorando o pasarrúas e actuación no escenario; tiveronse en conta como criterios de valoración: a orixinalidade, vistosidade, simpatía e a conservación das características do entroido tradicional.

Respectando o que poñía nas propias bases os membros do xurado tiveron que ser un representante nomeado por cada comparsa. Neste caso as persoas encargadas de realizaren as votacións na Categoría de Outros foron: (1)

- Ángel Gárate Roca pola comparsa Os Colludos.
- Gloria Ordóñez Pena pola comparsa Os Argalleiros.
- Esperanza Porta Rodríguez pola comparsa A Canteira.
- Rocío Alves Ferreira pola comparsa As Xoaniñas de Chao.
- María Teresa Rúa Pardo pola comparsa Semente de Trasancos.
- Mercedes Hermida Gutiérrez pola comparsa Os Faranduleiros.

#### **Votación da comparsa Os Colludos**

- Votaron na fase do pasarrúas 2 puntos e no escenario 3 cun total de 5 puntos ao disfrace “Valdoviño Sessions, volumen 53”.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 8 puntos ao disfrace “Viquingos”.

#### **Votación da comparsa Os Argalleiros**

- Votaron na fase de pasarrúas 3 puntos e na fase do escenario 3 puntos cun total de 6 puntos a “Valdoviño Sessions...”.
- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 10 puntos aos “Viquingos”.

#### **Votación da comparsa Semente de Trasancos**

- Votaron na fase de pasarrúas 3 puntos e na fase do escenario 3 puntos cun total de 6 puntos a “Valdoviño Sessions...”.
- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 10 puntos aos Viquingos.

#### **Votación da comparsa A Canteira**

- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 3 puntos no escenario cun total de 6 puntos ao disfrace “Valdoviño Sessions...”

- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 10 pntos ao disfrace “Os Viquingos”.

#### **Votación da comparsa Os Faranduleiros**

- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 10 puntos ao disfrace “Valdoviño Sessions...”
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 2 puntos no escenario cun total de 5 puntos ao disfrace “Viquingos”.

#### **Votación da comparsa Tróupele, Tróupele**

- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 4 puntos no escenario cun total de 9 puntos ao disfrace “Valdoviño Sessions...”
- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 10 puntos ao disfrace “Os Viquingos”.

#### **Votación da comparsa As Xoaniñas de Chao**

- Votaron 4 puntos no pasarrúas e 3 puntos no escenario cun total de 7 puntos ao disdrace “Valdoviño Sessions...”
- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 10 puntos ao disfrace “Viquingos”.

**Como resultado final**, como soamente se presentaron dous grupos o xurado resolveu entregar dúas axudas aos seguintes disfraces:

- “Valdoviño Sessions, volumen 53” do Concello de Valdoviño, grupo de 3 persoas.
- “Viquingos” do Concello das Somozas, grupo de 5 persoas.

**DISFRACE “VALDOVIÑO SESSIONS, VOLUMEN 53” representante JESÚS COUCE BOUZA, realizará o gasto no comercio local “XEILA” (Rocío María López Dopico). 50,00 eur.**

**DISFRACE “VIQUINGOS” representante BLANCA GUZMÁN RODRÍGUEZ, realizará o gasto no comercio local “XEILA” (Rocío María López Dopico). 50,00 eur.**

**3.2 Categoría de “Comparsas”:** consonte as Bases aplicadas nesta actividade, o Concello de Valdoviño daba dous tipos de Axudas:

- Axudas de Participación de 300 euros por comparsa que cumprise os requisitos coa súa inscrición debidamente cumprimentada e presentada.
- Axudas no concurso: 2 vales para consumir nalgunha das empresas con sede no municipio de Valdoviño por valor de 150 euros cada un entre as dúas comparsas concursantes que resultasen escollidas como as mellores do ano 2023. Execuntado os criterios de valoración presentados nas Bases anteriormente citados, os responsábeis que realizaron as votacións foron:
  - Elección de Comparsa, escollida polo mesmo xurado que votou na categoría de Outros (1) coa circunstancia de non poder votar á comparsa que representasen.
  - Elección de Comparsa a cargo dun xurado formado por representantes da Área de Cultura do Concello de Valdoviño e cuxos compoñentes foron:
    - o Rosa Ana García López, Concelleria da Área de Cultura do Concello de Valdoviño
    - o Rita Díaz González, Técnica de xestión cultural do Concello de Valdoviño.



o Daniel Andrés Cartelle Sánchez, animador sociocultural do Concello de Valdoviño.

#### **Votacións da Comparsa Os Colludos:**

- Votaron 1 punto na sección de pasarrúas e 2 puntos actuación no escenario cun total de 3 puntos á comparsa Os Argalleiros
- Votaron 2 puntos no pasarrúas e 2 no escenario cun total de 4 puntos á comparsa A Canteira.
- Votaron 2 puntos no pasarrúas e 2 puntos no escenario cun total de 4 puntos á comparsa Tróupele, Tróupele.
- Votaron 2 puntos no pasarrúas e 2 puntos no escenario cun total de 4 puntos á comparsa As Xoaniñas de Chao.
- Votaron 1 punto no pasarrúas e 1 punto no escenario cun total de 2 puntos á comparsa Semente de Trasancos.
- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 10 puntos á comparsa Os Faranduleiros.

#### **Votación da Comparsa Os Argalleiros:**

- Votaron 4 puntos no pasarrúas e 4 no escenario cun total de 8 puntos aos Colludos.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 3 puntos no escenario cun total de 6 puntos á Canteira.
- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 10 puntos á Tróupele, Tróupele.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 4 puntos no escenario cun total de 7 puntos ás Xoaniñas de Chao.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 3 puntos no escenario a Semente de Trasancos, cun total de 6 puntos.
- Votaron 4 puntos no pasarrúas e 3 no escenario cun total de 7 puntos aos Faranduleiros.

#### **Votación da comparsa Semente de Trasancos**

- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 5 no escenario cun total de 8 puntos aos Colludos.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 5 no escenario cun total de 8 puntos aos Argalleiros.
- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 10 puntos a Tróupele, Tróupele.
- Votaron 4 puntos no pasarrúas e 3 puntos no escenario cun total de 7 puntos ás Xoaniñas de Chao.
- Votaron 4 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario, cun total de 9 puntos aos Faranduleiros.

#### **Votación da comparsa A Canteira**

- Votaron 4 puntos no pasarrúas e 4 puntos no escenario cun total de 8 puntos aos Colludos.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 3 puntos no escenario cun total de 6 puntos aos Argalleiros.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 4 puntos no escenario cun total de 7 puntos a Tróupele, Tróupele.
- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 10 puntos ás Xoaniñas de Chao.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 3 puntos no escenario cun total de 6 puntos a Semente de Trasancos.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 3 puntos no escenario cun total de 6 puntos aos Faranduleiros.

### Votación da comparsa Os Faranduleiros

- Votaron 5 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario cun total de 10 puntos aos Colludos.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 3 puntos no escenario cun total de 6 puntos aos Argalleiros.
- Votaron 2 puntos no pasarrúas e 4 puntos no escenario cun total de 6 puntos a Tróupele, Tróupele.
- Votaron 2 puntos no pasarrúas e 3 puntos no escenario cun total de 5 puntos ás Xoaniñas de Chao.
- Votaron 1 punto no pasarrúas e 3 puntos no escenario cun total de 4 puntos a Semente de Trasancos.

### Votación da comparsa Tróupele, Tróupele

- Votaron 1 punto no pasarrúas e 1 punto no escenario cun total de 2 puntos aos Colludos.
- Votaron 2 puntos no pasarrúas e 2 puntos no escenario cun total de 4 puntos aos Argalleiros.
- Votaron 1 punto no pasarrúas e 3 puntos no escenario cun total de 4 puntos á Canteira.
- Votaron 2 puntos no pasarrúas e 1 punto no escenario cun total de 3 puntos ás Xoaniñas de Chao.
- Votaron 2 puntos no pasarrúas e 2 puntos no escenario cun total de 4 puntos a Semente de Trasancos.
- Votaron 1 punto no pasarrúas e 1 punto no escenario cun total de 2 puntos aos Faranduleiros.

### Votación da comparsa As Xoaniñas de Chao

- Votaron 4 puntos no pasarrúas e 4 no escenario cun total de 8 puntos aos Colludos.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 2 no escenario cun total de 5 puntos aos Argalleiros.
- Votaron 4 puntos no pasarrúas e 2 no escenario cun total de 6 puntos á Canteira.
- Votaron 2 puntos no pasarrúas e 1 punto no escenario a Semente de Trasancos, cun total de 3 puntos.
- Votaron 3 puntos no pasarrúas e 5 puntos no escenario aos Faranduleiros, cun total de 8 puntos.

### Como resultado final

- Poden recibir a Axuda de Participación as 7 comparsas que presentaron a súa solicitude, xa que cumpriron con todos os requisitos establecidos nas Bases, a saber :

COMPARSA	PROCEDENCIA	DISFRACE	IMPORTE ingresar grupo	AXUDA contra
COLLUDOS	FERROL	TURISTA	300,00 eur.	
ARGALLEIROS	NARÓN	TOY STORY	300,00 eur.	
A CANTEIRA	NEDA	O BARCO- VACACIÓNS	300,00 eur.	
TROUPELE, TROUPELE	NARÓN	FEITICEIROS DA FRAGA	300,00 eur.	
XOANIÑAS DE CHAO	FERROL/NARÓN	XOANIÑAS GALÁCTICAS	300,00 eur.	
SEMENTE DE	NARÓN	DEUSAS DO	300,00 eur.	

<b>TRASANCOS</b>		<b>OLIMPUS</b>	
<b>FARANDULEIROS</b>	<b>VALDOVIÑO</b>	<b>CASTELLERS</b>	<b>300,00 eur.</b>

Os membros do xurado formado polos representantes das comparsas foron informados dos criterios de valoración que debían ter en conta en tanto a : orixinalidade, vistosidade, simpatía, recuperación do entroido tradicional e atendendo aos mesmos fixeron unha votación para o pasarrúas e outra para a actuación en escenario puntuando entre 1 e 5 cada unha das comparsas agás a que eles mesmos representan. Sobre estas valoración establece o sumatorio. Seguindo os mesmos criterios de valoración o xurado técnico formado por membros da área de cultura do concello determinan a súa valoración sendo preciso a unanimidade de decisión.

Na Comparsa escollida polo xurado formado polas Comparsas e aplicando os criterios de valoración existentes nas Bases, acordouse dar o premio a: “Os Colludos” por resultar ser a comparsa que obtivo o maior número de votos. (44 Puntos en total).

Na Comparsa escollida polo xurado da Área de Cultura, aplicando os criterios de valoración establecidos nas Bases e por unanimidade dar o premio a: Os Faranduleiros.

<b>COMPARSA</b>	<b>PROCEDENCIA</b>	<b>DISFRACE</b>	<b>IMPORTE A GASTAR EN ESTABLECIMIENTO COMERCIA</b>
OS COLLUDOS	FERROL	TURISTA	150,00
FARANDULEIROS	VALDOVIÑO	CASTELLERS	150,00

**“OS COLLUDOS” representante PAULA GÁRATE FORMOSO, realizará o gasto no comercio local “ELECTRODOMÉSTICOS NITO S.L.” 150,00 eur.**

**“OS FARANDULEIROS” representante DIEGO MANUEL BARCÍA GÓMEZ, realizará o gasto no comercio local “JOSÉ ANTONIO FREIRE Y JOSVY S.L.” 150,00 eur.**

#### **4.- Outras Incidencias**

Baseándose no punto 22 das Bases Oficiais (que ven a dicir “Se coa finalidade de mellorar o desenvolvementos actos programados se considerase conveniente introducir modificación sao aquí fixado, poderá facerse por parte da organización...”) as persoas responsábeis da Área de Cultura do Concello de Valdoviño decidiron outorgar unha Axuda de Participación de 300 euros ao Grupo de Batukada “Cultura Extrema”.

Grupo Batukada Cultura Extrema é un grupo representativo do tecido sociocultural do municipio de Valdoviño. Este grupo non se presentou como participante no concurso de comparsas, non ostante dende a área de cultura do Concello de Valdoviño se tomou contacto co mesmo solicitandolle expresamente a súa participación coa finalidade de animar coa batuka o pasarrúas do antroido. A valoración da súa participación por parte da área de cultura baseándose en técnicas de avaliación como a observación e a formulación

de preguntas a público do evento foi moi positiva pois a implicación do grupo foi moi alta participando no festival caracterizados como unha comparsa, tematizados en canto a vestuario e dramatizando ao tempo que desenvolvían o seu cometido de acompañar o desfile con música percusionada. Tendo en conta que realización da súa actuación redundou moi positivamente no desenvolvemento do Festival e habida conta que non se cubriron todos os ocos de inscrición destinados a participación de comparsas dado que se presentaron 7 formacións e a convocatoria permite ata un máximo de dez (PUNTO 10 DAS BASES), as persoas responsables da área de cultura atendendo ao indicado no punto 22 das bases decidiron asignar ao grupo BATUKADA CULTURA EXTREMA a mesma cantidade de 300,00 euros que recibirán as comparsas inscritas en calidade de axuda de participación. Esta cantidade asignada está dentro do orzamento máximo estipulado nas propias Bases.

<b>GRUPO</b>	BATUKADA CULTURAL EXTREMA. Disfrace "Zombies"
<b>PROCEDENCIA</b>	VALDOVIÑO
<b>IMPORTE extraordinario de axuda Punto 22 bases</b>	300,00
<b>CONCEPTO</b>	Ingreso importe extraordinario de axuda por colaboración no entroido 2023 do concello de Valdoviño.5514226734 Ingreso batukada
<b>NÚMERO DE CONTA</b>	ES76 0081 5572 2300 0144 5354
<b>REPRESENTANTE</b>	Asociación Valdoviño Cultura Extrema

**PROPONSE :**

O pagamento das cantidades indicadas como axuda por participar

O pagamento aos establecementos comerciais do concello de Valdoviño elixidos polos ganadores para investir a cantidade asignada como premio.

O pagamento de carácter excepcional ao grupo Batukada Cultura Extrema.

Os datos das formacións donde constan os nomes dos responsables a identificación bancaria e outros e o informe que recolle datos acerca da celebración da actividade mesma así como puntuación acadada polas comparsas e os nomes do xurados adxúntanse e gardaranse no expediente correspondente.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 12 de xullo de 2023.

O alcalde: Asdo.: D. Alberto González Fernández"

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.**

**4º.-.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás nove horas e cincuenta e minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*